

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA

(2017-2018)

CEIP CABADA VÁZQUEZ

Índice

1.- INTRODUCCIÓN.....	5
2.- CONTEXTUALIZACIÓN.....	6
2.1.CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....	7
3.- OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA.....	8
4.- OBXECTIVOS DE CADA ÁREA RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS CLAVE.....	10
5.- CONTIDOS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADOS COS OBXECTIVOS E COAS COMPETENCIAS CLAVE 2º NIVEL.....	20
8.- ENSINANZAS TRANSVERSAIS.....	149
9.- AVALIACIÓN INICIAL.....	149
10.- PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	150
11.- METODOLOXÍA XERAL E ACTIVIDADES.....	155
12.- AGRUPAMENTOS E ESPAZOS.....	158
13.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	159
14.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO.....	161
15.- INCORPORACIÓN DAS TIC.....	166
16.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.....	167
17.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.....	167
18.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	169
19.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	172
19.- MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.....	173
20.- AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE.....	174
21.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	176
22.- ANEXO : MODELOS DE REXISTROS DE AVALIACIÓN.....	179

1.- INTRODUCCIÓN

Esta PD está pensada para o **2º nivel do CEIP Cabada Vázquez** e elaborada pola mestra titora de 1º e 2º cursos, que imparte unha sesión diaria de Proxecto Lector, en consenso coas mestras que imparten as materias de Lingua Castelá e Literatura de 2º, Lingua Galega e Literatura de 2º, Matemáticas de 2º, Ciencias Sociais de 2º, Ciencias Naturais de 2º e Valores Sociais e Cidadás de 2º. Grazas á dispoñibilidade de profesorado, durante este curso académico, fanse desdobres nos dous cursos citados, nas áreas de Lingua Castelá, Lingua Galega, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Inglés e Relixión. As programacións de Música, Ed. Física, Inglés e Plástica preséntanse por separado.

Recibimos o apoio da orientadora do centro só dous días á semana, e o apoio dunha sesión semanal de AL para un alumno que presenta dificultades na linguaxe.

A programación de aula (ou 3º nivel de concreción) elaborouse, polo tanto, no marco da LOMCE e a partir das Concrecións Curriculares de primaria publicadas no decreto 105/2014, en coherencia cos materiais gráficos utilizados no ciclo (libros e material da Editorial Edelvives SUPERPIXÉPOLIS, 2º nivel), e seguindo as directrices da CCP e da PXA do Centro.

Ao longo desta programación recóllense e especificanse como aspectos fundamentais, aqueles que, en liñas xerais, van ser iguais ou semellantes en todas as unidades (metodoloxía, avaliación, recursos, indicadores, atención á diversidade, plan lector, tic..).

2.- CONTEXTUALIZACIÓN

O noso centro está situado nas aforas da parroquia de Codeseda, unha aldea situada a 9 km da vila da Estrada, concello ao que pertence, na provincia de Pontevedra.

A contorna na que se atopa pode definirse como fundido no medio natural, pois arredor das nosas instalacións só hai montes cheos de árbores e campos de traballo. Pola parte dianteira e principal de entrada e saída, cruza unha estrada secundaria pola que acceden os autobuses que transportan o noso alumnado, un total de 77 rapaces e rapazas de Infantil e Primaria. Conta con 5 unidades e 9 niveis educativos, integrados en 6 aulas diferentes, obrigando, polo número reducido de alumnos/as, a xuntar niveis nalgúns casos. Durante este curso académico os 17 alumnos/as de 1º e 2º, comparten titoría só nalgúns áreas curriculares, polo que decidimos presentar as programacións por separado.

Consideramos moi positivo o enclave no que se atopa o centro, xa que nos permite facer da nosa escola, **unha escola viva, aberta ao entorno local e permanentemente interrelacionada co seu territorio físico (social, natural e cultural), sociocultural (a escola, a familia, o local, o concello)**. Pretendemos tamén irnos introducindo no territorio lonxano, no global, a través das tecnoloxías dixitais.

As instalacións coas que contamos son bastante antigas e están bastante deterioradas, por exemplo, os ventanais están tan anticuados que o ambiente de traballo, tanto polo frío como pola calor, condicionan bastante a forma e as gañas de traballar.

Temos un pavillón que necesita urxentemente remodelarse, porque chove dentro, e obríganos a facer cambios de actividades, ou mesmo suprimilas se se dá o caso, programadas nas épocas invernaís, sobre todo.

Contamos cun patio de recreo moi amplo que nos permite, cando fai bo tempo, distribuír ao alumnado por xogos e idades á mesma vez, onde podemos reforzar aspectos de cooperación e convivencia, do cal podemos extraer moita información do seu

entorno físico e natural. Mesmo podemos programar actividades e tarefas paralelas ao aire libre. Contamos cun horto escolar que continúa o seu labor comezado hai tres cusos.

Temos a sorte de dispoñer dunha cociña e dun comedor de xestión directa, dos que fan uso todos os alumnos/as. Isto facilítanos integralos nas tarefas e proxectos e sacarlle moito partido á hora de conquistar competencias básicas, así como potenciar e valorar hábitos alimentarios, hixiánicos e de saúde.

A aula ordinaria é espaciosa dado o reducido nº de alumnos/as. Esta aula está dotada de ordenadores, polo que tamén será usada como aula de informática.

2.1. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O alumnado, 3 nenas e 1 neno, provén de varias parroquias dos arredores, e mesmo algún, da vila de A Estrada ou doutras cercanas.

En canto ao ritmo das aprendizaxes podemos destacar que o 75 % segue sen dificultade as clases e o 25 % necesita reforzo nas instrumentais, así como de AL. En xeral, son bastante dependentes, dado o número reducido de alumnado. En xeral son moi comunicativos e participativos e presentan boa relación alumno/a- alumno/a.

O 25 % presenta algunha dificultade na fala, ou para reproducir sons.

Todos conviven con ambos proxenitores e irmáns e, algún caso, ademais con avós.

O 100% dos pais e nais teñen un emprego estable.

A maioría das familias leva aos seus fillos de forma esporádica ao cine, ao zoo, ao teatro... e na maioría das veces adícanlle o tempo libre a levalos ao parque, de paseo ou a actividades deportivas. Unha alta porcentaxe leva aos seus fillos a realizar rutas culturais e deportivas ao longo do ano.

O 75% do alumnado de 2º nivel usa o galego, tanto na casa como na escola ou fóra dela, como lingua habitual; os restantes, un 25 % , fano en castelán.

Procedencia deste alumnado:

- Todos os alumnos/as son galegos.

3.- OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

4.- OBXECTIVOS DE CADA ÁREA RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 2º

- Comprender textos orais e expresarse oralmente de forma adecuada nos diferentes contextos nos que se desenvolve alumno/a. **(Comunicación lingüística)**
 - Ler e comprender textos de tipoloxía diversa (narrativos, descritivos, textos da vida cotidiá...) e desenvolver hábitos de lectura, como instrumentos para adquirir coñecemento e como ocio e disfrute. **(Comunicación lingüística)**
 - Comprender e interpretar informacións de traxectos e planos, horarios comerciais, calendarios, etc. efectuando os razonamentos numéricos e xeométricos necesarios. **(Competencia matemática, Comunicación lingüística)**
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para escribir e falar de forma adecuada, coherente e correcta, sabendo razoar e explicar os procesos seguidos. **(Comunicación lingüística, Aprender a aprender)**
- Relacionarse e expresarse a través da lingua de maneira adecuada na actividade social e cultural, adoitando unha actitude respectuosa e de cooperación, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta. **(Competencias sociais e cívicas)**
 - Obter información e opinións dos medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e a comunicación, e sabelas interpretar e valorar. **(Conciencia e expresión cultural. Competencia dixital)**

- Aproximarse a obras relevantes da tradición literaria. Comprender textos literarios de xéneros diversos, así como as convencións específicas da linguaxe literaria. (**Comunicación lingüística. Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**)
- Valorar a realidade plurilingüe de España e do mundo como mostra de riqueza cultural. (**Conciencia e expresión cultural, Competencias sociais e cívicas**)
- Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas. (**Sociais e cívicas**)
- Tomar conciencia da propia aprendizaxe e reflexionar sobre posibles estratexias para emprender novas aprendizaxes. (**Iniciativa emprendedora**)

MATEMÁTICAS DE 2º

1. Expresar oralmente os coñecementos matemáticos adaptándoos á realidade sobre a que se lle pregunta. (**Competencia en comunicación lingüística / Intelixencia lingüística-verbal**)
2. Contar, ler y escribir os números cardinais ata o millar e os ordinais ata o vixésimo e utilízalos para comunicar información numérica en contextos reais. (**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía / Intelixencia lóxico-matemática**)
3. Iniciarse na lectura e comprensión, así como na resolución de problemas gráficos de sumas, restas ou multiplicacións e iniciarse na división, incluíndo o concepto triple, *dobre*, e metade, así como a aplicación de estratexias de cálculo mental. (**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía / Intelixencia lóxico-matemática**)

4. Acceder á información sobre números e medidas de lonxitude, peso e capacidade utilizando distintos soportes segundo a necesidade e o contexto. **(Competencia dixital / Intelixencias lóxico- matemática e lingüística-verbal)**
5. Recoñecer formas e corpos xeométricos nas creacións artísticas e nos elementos cotidiás, así como as súas características e os elementos que os forman (caras, vértices, arestas, etc.). **(Competencia en conciencia e expresións culturais / Intelixencia visual-espacial)**
6. Interpretar e aplicar correctamente os conceptos de *menor que/maior que* e *maior/menor capacidade*. **(Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía / Intelixencias lóxico-matemática e naturalista)**
7. Interpretar os datos representados nun diagrama de barras e transmitir dita información. **(Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía / Intelixencia lóxico-matemática)**
8. Coñecer as horas, os días da semana e os meses do ano e a súa expresión (calendario, reloxos de agullas e dixitais) para unha mellor organización do tempo. **(Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía / Intelixencia lóxico-matemática)**
9. Recoñecer a simetría e asimetría nos elementos da contorna e utilízalas para expresar a propia creatividade. **(Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía / Intelixencias lóxico-matemática e visual-espacial)**
10. Adquirir habilidade nos cálculos con moeda (billetes , euros e céntimos de euro) para mellorar a administración dos propios recursos. **(Competencia en aprender a aprender / Intelixencia intrapersoal)**
11. Orientarse e desprazarse adecuadamente no espazo, identificando as posicións relativas *dereita-esqierda*, *diante-detrás*, interpretando a información de carteis, mapas e planos, e trazando itinerarios. **(Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía / Intelixencia visual-espacial)**

12. Participar de forma activa e construtiva en proxectos comúns. (**Competencias sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal**)

CIENCIAS NATURAIS DE 2º

1. Coñecer as partes fundamentais do corpo humano, as súas principais características, algunhas das funcións vitais, así como hábitos saudables relacionados coa alimentación, co exercicio físico, coa hixiene e co descanso; e mostrar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais. (**Aprender a aprender; Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias lóxica e matemática, visual e espacial e intrapersoal**).
2. Recoñecer as funcións vitais dos seres vivos para identificalos na súa contorna cotiá e ser capaz de diferencialos dos seres inertes. (**Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista**).
3. Observar, a partir de preguntas guía, plantas e animais da súa contorna para obter información mediante rexistros, utilizando distintas fontes e instrumentos dispoñibles ao seu alcance de maneira moi dirixida. (**Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias naturalista, lóxica e matemática, visual e espacial e lingüística e verbal**).
4. Tomar conciencia das prácticas de coidado e respecto cara ás plantas e animais. (**Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias naturalista e intrapersoal**).
5. Observar, identificar, nomear e clasificar plantas da súa contorna ou a través de imaxes, apreciando e describindo algúns dos trazos físicos e pautas de comportamento das plantas coas contornas nas que viven, así como algúns patróns de relación cos seres humanos e cos animais. (**Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista**).

6. Identificar e clasificar animais segundo sexan vertebrados ou invertebrados, e en función tamén da súa alimentación, forma de nacer e hábitat. **(Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias naturalista e corporal e cinestésica).**
7. Observar, identificar, diferenciar e clasificar materiais segundo as propiedades físicas observables. **(Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias lóxica e matemática e visual e espacial).**
8. Recoñecer cambios e transformacións en obxectos e materiais da contorna cotiá. **(Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).**
9. Iniciarse na actividade científica realizando experimentos para estudar o son, o ruído e a contaminación acústica. **(Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias lóxica e matemática e visual e espacial).**
10. Identificar e valorar prácticas cotiás de redución, reciclaxe e reutilización de materiais e obxectos. **(Sociais e cívicas; Iniciativa e espírito emprendedor; Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias interpersoal, intrapersoal e naturalista).**
11. Coñecer a utilidade das máquinas e das ferramentas do fogar e da contorna próxima, os seus compoñentes, o seu uso responsable e seguro, así como as profesións relacionadas con elas e as principais fontes de enerxía necesarias para o seu funcionamento. **(Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias lóxico-matemática e visual e espacial).**
12. Tomar decisións reflexionando e sopesando posibilidades de maneira autónoma e responsable para facer fronte a situacións cotiás relacionadas co medio natural. **(Iniciativa e espírito emprendedor / Intelixencia intrapersoal).**
13. Comprender a información dos textos lidos e utilizar o vocabulario específico para expresar de forma oral, escrita e con apoios gráficos contidos relacionados coa área. **(Comunicación lingüística / Intelixencia lingüística e verbal).**
14. Utilizar de forma guiada as TIC e outras fontes para obter información e como instrumento para aprender e compartir coñecementos. **(Dixital / Intelixencias lingüística e verbal e intrapersoal).**

15. Participar en actividades de traballo cooperativo adoptando un comportamento responsable e mostrando habilidades para resolver conflitos pacificamente. (**Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal**).

LINGUA GALEGA E LITERATURA DE 2º

Participar en situacións comunicativas colectivas, comprendendo e producindo mensaxes orais coherentes e cohesionadas para expresar con fluidez as súas ideas, emocións e sentimentos. (**Comunicación lingüística**)

Ler e comprender textos de tipoloxía diversa (narrativos, descritivos, da vida cotiá, ilustracións...) e desenvolver hábitos de lectura como instrumentos para adquirir coñecemento e como ocio e gozo. (**Comunicación lingüística**).

Obter información e opinións dos medios de comunicación social e das tecnoloxías da información e da comunicación, e sabelas interpretar e valorar. (**Conciencia e expresión cultural. Competencia dixital**).

Comprender e interpretar informacións de traxectos e planos, horarios comerciais, calendarios etc. efectuando os razoamentos numéricos e xeométricos necesarios. (**Competencia matemática**)

Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para escribir e falar de forma adecuada, coherente e correcta, sabendo razoar e explicar os procesos seguidos. (**Comunicación lingüística, Aprender a aprender**)

Ser consciente das propias características con obxecto de melloralas e recoñecer tamén as dos outros para relacionarse mellor. (**Aprender a aprender**)

Desenvolver capacidades emprendedoras tomando decisións en situacións de incerteza mostrando confianza nas propias aptitudes e habilidades. (**Iniciativa e espírito emprendedor**)

Participar en iniciativas de grupo de traballo na aula para conseguir un obxectivo común e relacionarse a través da lingua de maneira adecuada na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta. (**Sociais e cívicas**)

Utilizar as TIC para obter información, transformala en coñecemento e xerar novas ideas. (**Dixital / Intelixencia lingüística e verbal**)

Valorar e apreciar o texto literario en calquera lingua e especialmente os escritos en lingua galega como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. (**Comunicación lingüística, Conciencia e expresións culturais**)

Comprender textos literarios de xéneros diversos, así como as convencións específicas da linguaxe literaria. (**Comunicación lingüística. Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**).

Amosar curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural e reflexionar sobre iso para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas. (**Sociais e cívicas, Conciencia e expresións culturais**)

Tomar conciencia da propia aprendizaxe e reflexionar sobre posibles estratexias para emprender novas aprendizaxes. (**Iniciativa emprendedora**)

CIENCIAS SOCIAIS DE 2º

1. Comprender a organización social da contorna próxima, as funcións dos organismos principais e a importancia da participación cidadá. (**Matemática. Ciencia e tecnoloxía, Iniciativa emprendedora / Intelixencias lingüística e verbal, visual e espacial e intrapersoal**).

2. Coñecer as distintas características da contorna próxima, identificando tanto as persoas que traballan nela como as manifestacións culturais desta. (**Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal**).

3. Coñecer as diferentes formas de relación dos membros dunha comunidade. Sopesar as accións que puidesen alterar a convivencia cívica valorando a importancia dunha convivencia pacífica, tolerante e respectuosa. (**Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal**).

4. Adquirir hábitos de comportamento cívico e viario adecuados en todas as contornas nas que se desenvolve para actuar como cidadán e peón e para convivir coas persoas da súa contorna. (**Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal**).
5. Identificar a auga como elemento natural, as súas características, propiedades e procesos, e a súa relación co resto dos seres vivos, analizando os usos que o ser humano fai da auga e adoptando actitudes que impulsen a súa protección e a súa conservación. (**Iniciativa emprendedora e Sociais e cívicas / Intelixencias intrapersoal e interpersoal**).
6. Identificar paisaxes (naturais: montaña e costa), as súas características e os seus elementos e os axentes responsables das súas transformacións, así como as actividades humanas que orixinan desequilibrios nela, xerando actitudes de defensa, respecto e recuperación do medio natural. (**Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista**).
7. Describir, clasificar e diferenciar propiedades e características sinxelas dalgúns minerais e os usos aos que se destinan. (**Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista**).
8. Identificar, describir e empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na súa contorna máis próxima. (**Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista**).
9. Coñecer os cambios que se producen nas persoas, na sociedade e na contorna co paso do tempo, ser capaz de ordenalos cronoloxicamente dunha maneira moi básica utilizando nocións temporais sinxelas e os elementos adecuados.
10. Valorar a importancia de conservar o patrimonio cultural e artístico. (**Matemática. Ciencia e tecnoloxía, Sociais e cívicas, Aprender a aprender / Intelixencia lóxica e matemática, interpersoal e intrapersoal**).
11. Utilizar diversas fontes e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de forma guiada, para obter información, aprender e compartir coñecementos do ámbito social. (**Dixital / Intelixencias lingüística e verbal e visual e espacial**).
12. Participar en situacións de grupo escoitando, valorando e respectando as achegas de cada un dos membros, adoptando un comportamento construtivo e solidario. (**Iniciativa emprendedora e Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal**).

13. Planificar proxectos sinxelos de maneira guiada, tomando decisións con autonomía e responsabilidade. (**Iniciativa emprendedora / Intelixencia intrapersoal**).

VSC DE 2º

1. Fomentar a autopercepción, a autovaloración e a identificación positiva das calidades persoais e as emocións, para desenvolver un autoconceito axustado á realidade.
2. Favorecer a autorregulación conductual a través do diálogo interior e de estratexias sinxelas de pensamento positivo.
3. Considerar a importancia de levar a cabo as tarefas escolares encomendadas con interese e responsabilidade, atendendo ás pautas establecidas.
4. Aprender a valorar os dereitos dos nenos e referentes á saúde, a educación e o cariño, así como asumir deberes diversos no ámbito familiar e escolar.
5. Aprender a utilizar estratexias de comunicación non verbal e reflexionar antes de comunicar ideas e pensamentos, interrelacionando ambas as dúas linguaxes en función do interlocutor e da mensaxe que se desexa transmitir.
6. Desenvolver a escoita activa, a empatía e a expresión clara de ideas e pensamentos para mellorar a comunicación e a comprensión, e o respecto nas relacións interpersoais.
7. Valorar e respectar as características individuais, aceptando as súas diferenzas e aproveitando a riqueza que xera a diversidade.

8. Analizar e expresar os intereses e as necesidades propios para mellorar aspectos tales como: as habilidades sociais, as relacións de amizade e o traballo en equipo, tomando conciencia da importancia do valor do esforzo para o logro de obxectivos comúns.
9. Coñecer e respectar as normas de convivencia en contextos formais e informais para evitar desigualdades, desenvolver unha maior implicación persoal e facilitar as relacións interpersoais e a participación democrática.
10. Recoñecer situacións agradables e desagradables que se dan en ámbitos próximos para anticipar e resolver conflitos, tendo en conta varios puntos de vista, utilizando vías pacíficas de resolución e tendo sempre en conta diversos puntos de vista.
11. Tomar conciencia da importancia de facer un uso responsable dos materiais e os recursos que temos ao noso alcance para favorecer a conservación do medio.
12. Coñecer normas básicas de educación vial e de seguridade en medios de transporte públicos e privados para desenvolver actitudes responsables que aseguren a convivencia de acordo a uns valores cívicos socialmente establecidos.
13. Autoavaliar os contidos aprendidos sobre un mesmo, as relacións interpersoais, a convivencia e os valores implícitos nela, para tomar conciencia dos pasos seguidos e os logros alcanzados no proceso de ensino-aprendizaxe, e implicarse persoalmente na aprendizaxe.

5.- CONTIDOS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADOS COS OBXECTIVOS E COAS COMPETENCIAS CLAVE 2º NIVEL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR				
▪a ▪c ▪d ▪e	▪B1.1. Estratexias e normas básicas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos, ideas e coñecementos dos e das demais.	▪B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	▪LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.	▪CCL ▪CAA ▪CSC
			▪LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.	▪CCL ▪CAA ▪CSC
▪b ▪e	▪B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.	▪B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	▪LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes.	▪CCL
			▪LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.	▪CCL
▪a ▪b ▪e	▪B1.3. Participa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando unha secuencia lineal sinxela.	▪B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula.	▪LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - diálogos - exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.	▪CCL ▪CD ▪CAA ▪CSC ▪CSIEE
▪b	▪B1.4. Dedución das palabras evidentes polo contexto. Interese pola ampliación de	▪B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	▪LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.	▪CCL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪e	vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.		▪LCB1.4.2. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.	▪CCL
▪b ▪d ▪e ▪i	▪B1.5. Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (producción didáctica, gravacións, medios de comunicación).	▪B1.5.Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	▪ LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social. ▪LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos.... ▪LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	▪CCL ▪CAA ▪CCL ▪CAA ▪CCL
▪b ▪d ▪e ▪i	▪B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	▪B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	▪LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información. ▪LCB1.6.2. Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.	▪CCL ▪CD ▪CAA ▪CCL ▪CD ▪CAA ▪CSC
▪b ▪e	▪B1.7. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.	▪B1.7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses.	▪LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.	▪CCL ▪CAA ▪CCEC
▪b ▪e	▪B1.8. Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias.	▪B1.8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.	▪LCB1.8.1. Adecúa a entoación, o volume e o xesto á representación dramática.	▪CCL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪b ▪e	▪B1.9. Produción de textos orais breves e sinxelos segundo a súa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	▪B1.9. Producir textos orais breves, imitando modelos e atendendo á forma e a intención comunicativa.	▪LCB1.9.1. Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas....	▪CCL ▪CAA ▪CSIEE
			▪LCB1.9.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.	▪CCL ▪CAA ▪CSIEE
▪a ▪d ▪e ▪m	▪B1.10. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	▪B1.10. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	▪LCB1.10.1 Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	▪CCL ▪CSC
▪a ▪b ▪e	▪B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar.	▪B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	▪LCB1.11.1 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.	▪CCL ▪CAA ▪CSC ▪CSIEE
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER				
▪b ▪e	▪B2.1. Lectura de distintos tipos de texto: próximos á súa experiencia.	▪B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.	▪LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.	▪ CCL
			▪ LCB2.1.2. Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.	▪CCL
▪e	▪B2.2. Comprensión de textos de diversa tipoloxía, adecuados á súa idade utilizando	▪B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e	▪LCB2.2.1. Identifica o tema dun texto sinxelo.	▪CCL ▪CAA

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	▪LCB2.2.2. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	▪CCL ▪CAA
▪b ▪e	▪B2.3. Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Anticipación de hipótese de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual.	▪B2.3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.	▪LCB2.3.1. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.	▪CCL ▪CAA
			▪LCB2.3.2. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes	▪CCL ▪CAA
			▪LCB2.3.3. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.	▪CCL ▪CAA
▪e	▪B2.4. Gusto pola lectura. ▪B2.5. Selección de libros segundo o gusto persoal. ▪B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector.	▪B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	▪LCB2.4.1. Dedicar, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.	▪CCL ▪
			▪LCB2.4.2. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	▪CCL
▪e ▪i	▪B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de información e lecer.	▪B2.5. Usa, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses.	▪LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.	▪CCL ▪CD ▪CAA
▪a ▪b ▪e	▪B2.8. Iniciación á creación da biblioteca persoal.	▪B2.6. Mostrar interese por ter unha biblioteca propia.	▪LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	▪CCL ▪CSC

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪a ▪e	▪B2.9. Identificación das mensaxes transmitidas polo texto.	▪B2.7. Identifica, con axuda, a estrutura básica de diferentes textos lidos.	▪LCB2.7.1. Diferenza, con axuda, entre información e publicidade.	▪CCL ▪CAA ▪CSC
			▪LCB2.8.1. Formula hipóteses, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade.	▪CCL ▪CAA ▪CSC
▪b ▪e ▪i	▪B2.10. Uso guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento igualmente guiado, da información.	▪ B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.	▪LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.	▪CCL ▪CD ▪CAA
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR				
▪b ▪e ▪m	▪B3.1. Producción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades: con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos). ▪B3.2. Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación. ▪B3.3. Aplicación das normas ortográficas axeitadas ao nivel. ▪B3.4. Producción de textos segundo o Plan de escritura do centro.	▪B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas(informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	▪LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios...	▪CCL ▪CD ▪CAA
			▪LCB3.1.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc.	▪CCL ▪CAA
▪b ▪e	▪B3.5. Valoración da súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	▪B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	▪LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	▪CCL ▪CSC

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪m				
▪b ▪e	<ul style="list-style-type: none"> ▪B3.6. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...) ▪B3.7. Textualización en frases elementais con secuencia lineal. ▪B3.8. Revisión e mellora do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪B3.3. Aplicar, de xeito guiado, todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪LCB3.3.1. Utiliza borradores que amosan a xeración e selección de ideas e a revisión ortográfica na escritura de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal, social e escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪CCL ▪CAA ▪CSIEE
▪b ▪e ▪i	<ul style="list-style-type: none"> ▪B3.9. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪B3.4. Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪LCB3.4.1. Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas sobre experiencias realizadas: plantar fabas, cría de vermes de seda.... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪CCL ▪CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪LCB3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪CCL ▪CD ▪CAA
▪e ▪i	<ul style="list-style-type: none"> ▪B3.10. Creación de textos utilizando as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiado. ▪B3.11. Produción de textos segundo o Plan de escritura do centro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪B3.5. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiado para presentar as súas produción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪LCB3.6.1. Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪CCL ▪CD ▪CAA
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA				
▪b ▪e	<ul style="list-style-type: none"> ▪B4.1. A palabra. ▪B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras(nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos) Características e uso de cada clase de palabra. ▪B4.3. Tempos verbais: presente, pasado e futuro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪B4.1. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪LCB4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪CCL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪e	<p>▪B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.</p> <p>▪B4.4. Vocabulario. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos.</p> <p>▪B4.5. Recoñecemento dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.</p>	<p>▪B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.</p>	<p>▪LCB4.2.1. Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita.</p>	▪CCL
			<p>▪LCB4.2.2. Forma palabras compostas a partir de palabras simples.</p>	▪CCL
			<p>▪LCB4.2.3. Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples.</p>	▪CCL
<p>▪b</p> <p>▪e</p>	<p>▪B4.6. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.</p>	<p>▪B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.</p>	<p>▪LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.</p>	▪CCL
<p>▪b</p> <p>▪e</p>	<p>▪B4.7. Clases de nomes: comúns e propios.</p> <p>▪B4.8. As relacións gramaticais Recoñecemento e explicación reflexiva das</p>	<p>▪B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.</p>	<p>▪LCB4.4.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.</p>	▪CCL
			<p>▪LCB4.4.2. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.</p>	▪CCL
			<p>▪LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.</p>	▪CCL
<p>▪e</p> <p>▪i</p>	<p>▪B4.9. Utilización do material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade.</p>	<p>▪B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.</p>	<p>▪LCB4.5.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.</p>	<p>▪CCL</p> <p>▪CD</p> <p>▪CAA</p>
<p>▪d</p> <p>▪e</p> <p>▪o</p>	<p>▪B4.10. Identificación das variedades da lingua na nosa comunidade autónoma. Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar</p>	<p>▪B4.6. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.</p>	<p>▪LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.</p>	<p>▪CCL</p> <p>▪CAA</p>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.			
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA				
▪d ▪e	▪B5.1. Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal.	▪B5.1. Valorar textos como fonte de lecer e información.	▪LCB5.1.1. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas	▪CCL ▪CCEC
▪d ▪e	▪B5.2. Lectura guiada e comentada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. ▪B5.3. Identificación de recursos literarios.	▪B5.2. Iniciar a lectura e expresiva de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	▪LCB5.2.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. ▪LCB5.2.2. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións)	▪CCL ▪CAA ▪CCEC ▪CCL ▪CAA
▪d ▪e	▪B5.4 Valoración de recursos literarios.	▪B5.3. Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.	▪LCB5.3.1. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.	▪CCL ▪CCEC
▪b ▪e	▪B5.5 Creación de textos literarios en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións, e teatro.	▪B5.5. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos e poemas.	▪LCB5.5.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.	▪CCL ▪CAA ▪CSIEE ▪CCEC
▪a ▪b ▪e	▪B5.6. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.	▪B5.6. Reproducir textos literarios breves e moi sinxelos adaptados á súa idade.	▪ LCB5.6.1. Reproduce textos orais moi breves e sinxelos: cancións e poemas.	▪CCL
▪d	▪B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.	▪B5.7. Participar con interese en dramatizacións de sinxelos textos	▪LCB5.7.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos	▪CCL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪e		literarios adaptados á idade.	literarios axeitados á súa idade.	<ul style="list-style-type: none"> ▪CAA ▪CCEC ▪CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪d ▪e ▪o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪B5.8. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪LCB5.8.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪CCL ▪CSC ▪CCEC

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA				
2º	LG	2º-LGB2.4.1 - Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.
2º	LG	2º-LGB2.4.2 - Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos
2º	LG	2º-LGB2.5.1 - Coida, conserva e organiza os seus libros.
2º	LG	2º-LGB2.6.1 - Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.
2º	LG	2º-LGB2.7.2 - Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras.

2º	LG	2º-LGB3.1.4 - Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
2º	LG	2º-LGB3.2.1 - Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.
2º	LG	2º-LGB3.5.2 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.
2º	LG	2º-LGB4.2.1 - Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
2º	LG	2º-LGB5.3.1 - Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.
2º	LG	2º-LGB5.5.1 - Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal.
2º	MT	2º-MTB3.5.1 - Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
2º	PLE	2º-PLEB5.10 - Diferenza preguntas e respostas moi sinxelas
2º	PLE	2º-PLEB5.12 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc.
2º	PLE	2º-PLEB5.14 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral
2º	PLE	2º-PLEB5.2 - Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social
2º	PLE	2º-PLEB5.4 - Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, Thank you, excuse me...)
2º	PLE	2º-PLEB5.9 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.
2º	VSC	2º-VSCB1.1.1 - Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres.
2º	VSC	2º-VSCB1.2.1 - Detecta en si mesmo/a sentimentos negativos e emprega estratexias sinxelas para transformalos.
2º	VSC	2º-VSCB1.2.4 - Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.
2º	VSC	2º-VSCB1.3.1 - Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.
2º	VSC	2º-VSCB1.3.2 - Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.

2º	VSC	2º-VSCB1.4.1 - Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación.
2º	VSC	2º-VSCB1.4.2 - Toma iniciativas de actuación durante a colaboración.
2º	VSC	2º-VSCB1.5.1 - Participa con interese na resolución de problemas escolares.
2º	VSC	2º-VSCB1.5.2 - Define e formula claramente problemas de convivencia.
2º	VSC	2º-VSCB2.1.3 - Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade.
2º	VSC	2º-VSCB2.2.1 - Emprega a linguaxe positiva.
2º	VSC	2º-VSCB2.3.1 - Emprega diferentes habilidades sociais básicas.
2º	VSC	2º-VSCB2.4.1 - . Identifica distintas maneiras de ser e actuar.
2º	VSC	2º-VSCB2.4.2 - Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.
2º	VSC	2º-VSCB2.5.1 - Forma parte activa das dinámicas do grupo.
2º	VSC	2º-VSCB2.5.2 - Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.
2º	VSC	2º-VSCB3.1.1 - Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas.
2º	VSC	2º-VSCB3.1.2 - Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.
2º	VSC	2º-VSCB3.2.1 - Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.
2º	VSC	2º-VSCB3.2.2 - Respecta as regras durante o traballo en equipo.
2º	VSC	2º-VSCB3.3.1 - Coñece e enumera as normas da aula.
2º	VSC	2º-VSCB3.3.2 - Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares.
2º	VSC	2º-VSCB3.3.3 - Participa na elaboración das normas da aula
2º	VSC	2º-VSCB3.3.4 - Respecta as normas do centro escolar.
2º	VSC	2º-VSCB3.4.1 - Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade.
2º	VSC	2º-VSCB3.4.2 - escoita as razón das persoas coas que entra en conflito, compréndelas, na medida das súas posibilidades e

		exponas oralmente.
2º	VSC	2º-VSCB3.4.3 - Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito.
2º	VSC	2º-VSCB3.4.4 - Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes.
2º	VSC	2º-VSCB3.5.1 - Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas.
2º	VSC	2º-VSCB3.5.2 - Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar.
2º	VSC	2º-VSCB3.5.3 - Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.
2º	VSC	2º-VSCB3.6.1 - Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.
2º	VSC	2º-VSCB3.6.2 - Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo
2º	VSC	2º-VSCB3.7.3 - Expresa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.

PERFIL COMPETENCIAL

Competencia Clave:		Matemática, ciencia e tecnoloxía
Nivel	Área	Estándares
2º	CN	2º-CNB1.1.1 - Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
2º	CN	2º-CNB1.2.1 - Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
2º	CN	2º-CNB2.1.1 - Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.
2º	CN	2º-CNB2.1.2 - Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.
2º	CN	2º-CNB2.1.3 - Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.
2º	CN	2º-CNB2.2.1 - Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención.
2º	CN	2º-CNB2.2.2 - Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.

2º	CN	2º-CNB2.3.1 - Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola.
2º	CN	2º-CNB3.1.1 - Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.
2º	CN	2º-CNB3.1.2 - Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.
2º	CN	2º-CNB3.2.1 - Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.
2º	CN	2º-CNB4.1.1 - Valora e aplica usos responsables da auga na escola.
2º	CN	2º-CNB4.1.2 - Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.
2º	CN	2º-CNB4.2.1 - Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotián.
2º	CN	2º-CNB4.2.2 - Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.
2º	CN	2º-CNB5.1.1 - Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.
2º	CN	2º-CNB5.1.2 - Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.
2º	CN	2º-CNB5.1.3 - Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas.
2º	CN	2º-CNB5.2.1 - Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso.
2º	CN	2º-CNB5.2.2 - Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.
2º	CS	2º-CS2.1.1 - Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.
2º	CS	2º-CS2.2.1 - Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.
2º	CS	2º-CS2.3.1 - Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.
2º	CS	2º-CS2.4.1 - Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula.
2º	CS	2º-CS2.5.1 - Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.
2º	CS	2º-CS2.5.2 - Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.

2º	CS	2º-CS2.5.3 - Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.
2º	CS	2º-CS2.6.1 - Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes.
2º	CS	2º-CS2.7.1 - Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.
2º	CS	2º-CS2.8.1 - Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa.
2º	CS	2º-CS4.1.1 - Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.
2º	CS	2º-CS4.2.1 - Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.
2º	CS	2º-CS4.3.1 - Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.
2º	CS	2º-CS4.3.2 - Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.
2º	CS	2º-CSB1.1.1 - Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.
2º	CS	2º-CSB1.4.1 - Identifica a terminoloxía propia da área.
2º	EP	2º-EPB2.5.1 - Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.
2º	LG	2º-LGB2.2.1 - Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.
2º	MT	2º-MTB1.1.1 - Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.
2º	MT	2º-MTB1.2.1 - Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.
2º	MT	2º-MTB1.3.1 - Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.
2º	MT	2º-MTB2.1.1 - Le, escribe e ordena números ata o 999.
2º	MT	2º-MTB2.1.2 - Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.
2º	MT	2º-MTB2.1.3 - Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes

2º	MT	2º-MTB2.2.1 - Utiliza os números ordinais en contextos reais.
2º	MT	2º-MTB2.2.2 - Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.
2º	MT	2º-MTB2.2.3 - Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
2º	MT	2º-MTB2.2.4 - Identifica os números pares e os impares.
2º	MT	2º-MTB2.3.1 - . Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.
2º	MT	2º-MTB2.3.2 - Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
2º	MT	2º-MTB2.3.3 - Resolve operacións con cálculo mental.
2º	MT	2º-MTB2.4.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
2º	MT	2º-MTB2.4.1 - Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
2º	MT	2º-MTB3.1.1 - Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.
2º	MT	2º-MTB3.2.1 - Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.
2º	MT	2º-MTB3.3.1 - Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade
2º	MT	2º-MTB3.4.1 - Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)
2º	MT	2º-MTB3.4.2 - Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relación.
2º	MT	2º-MTB3.5.1 - Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
2º	MT	2º-MTB3.6.1 - Resolve problemas sinxelos de medida.
2º	MT	2º-MTB3.6.2 - Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.
2º	MT	2º-MTB4.1.1 - Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.
2º	MT	2º-MTB4.2.1 - Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.

2º	MT	2º-MTB4.3.1 - Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.
2º	MT	2º-MTB4.4.1 - Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.
2º	MT	2º-MTB4.5.1 - Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.
2º	MT	2º-MTB4.5.2 - Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
2º	MT	2º-MTB5.1.1 - Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.
2º	MT	2º-MTB5.1.2 - Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.
2º	MT	2º-MTB5.2.1 - Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible.

8.- ENSINANZAS TRANSVERSAIS

Esta programación incorporará o conxunto de elementos transversais, recollidos tamén pola LOMCE, no proceso de aprendizaxe. Como é de agardar, a comprensión lectora, a expresión oral e a escrita, a comunicación audiovisual e as TIC, traballaranse intensamente ao longo de todo o proceso, pero tamén terán cabida na aprendizaxe a promoción de igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade afectiva entre homes e mulleres e a prevención de violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os eidos, rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

9.- AVALIACIÓN INICIAL

Ao inicio do curso, sobre todo durante o mes de setembro, levarase a cabo unha minuciosa avaliación inicial , tanto de grupo

como individual, que nos diagnosticará a situación de partida, así como detectar posibles problemas en cada un dos alumnos/as.

Esta avaliación terá en conta os informes persoais da etapa anterior e suporán un **80%** da avaliación, que deberán ser completados con outros datos obtidos sobre o punto de partida desde que o alumno/a inicia as novas aprendizaxes, que suporán o outro **20 %**.

Esta información deberá basearse na acta da sesión de avaliación final e na acta dos resultados académicos do grupo –clase do curso anterior.

Dado o pouco tempo de que dispoñemos para a avaliación inicial, consideramos que se faga só dos estándares imprescindibles, excepto dos alumnos/as de nova incorporación. Será suficiente marcar aqueles estándares nos que presenten maior dificultade.

Os **procedementos** cos que avaliamos serán:

- Observación directa
- Conversas
- Fichas fotocopiabiles
- Lecturas
- Entrevistas coas familias

Os **instrumentos** para a avaliación inicial serán escalas de observación (ver anexo), e os aspectos que avaliaremos serán os que nos parezan máis relevantes e bastará con poñer **apto** e **non apto**.

10.- PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN : PROCEDEMENTOS

Para levar a cabo a avaliación, tómase como referencia o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, pola que se regula a avaliación de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Segundo esta orde, as características nas que esta se basea son:

continua, formativa, global e integradora. Terase ademais en conta o progreso do alumno/a no conxunto de todas as áreas do currículo.

A)- Que avaliar: Tanto os obxectivos como contidos, como os criterios de avaliación e as competencias xa están incluídos/as na programación e tamén en cada unha das unidades didácticas que se irán avaliando ao longo do curso.

B)-Cando e como avaliar:

Faremos unha avaliación inicial: ao principio do curso para determinar a situación de partida do alumnado e para axustar a intervención educativa ás súas características.

Unha avaliación de contidos mediante fichas fotocopiáveis, ao remate de cada trimestre polo menos, para ter un coñecemento preciso sobre o estado en que se encontran os alumnos/as respecto aos novos contidos a desenvolver.

A avaliación continua ao longo das unidades e ao longo do curso: é a máis importante para ver a progresión do alumnado e para determinar as carencias, e así facer os cambios precisos. Valorarase moi positivamente o afán de superación persoal en cada caso.

As competencias e os distintos proxectos que se levarán a cabo ao longo do curso, avalíanse mediante rúbricas, para logo cumprimentar rexistros individuais e/ou de grupo.

Con toda esta información, a finais de cada trimestre farase un informe de avaliación que se dará a coñecer ás familias mediante os boletíns correspondentes.

A fin de curso elabórase un informe de avaliación final que valore o seguimento de cada alumno/a.

INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN

Algunha das técnicas ou instrumentos de avaliación que podemos empregar na aula son:

- Observación das actividades realizadas polos estudantes.
- Exploración por medio de preguntas formuladas polo profesor durante a clase, que permiten analizar o grao de concentración e interés do alumnado.
- Traballos do alumno ou alumna que permite ver o seu esforzo, progresos e logros.
- Mapas conceptuais: Son recursos gráficos que permiten representar xerarquicamente conceptos e proposicións sobre un tema determinado
- Avaliación do desempeño: Consisten no deseño de situacións onde os alumnos demostran as súas habilidades aprendidas ante tarefas xenuínas tales como escribir un texto persuasivo, executar unha peza musical, facer un experimento, solucionar problemas matemáticos, recitar un poema, representar unha peza teatral, entre outros.
- Listas de control ou verificación e escalas: Consiste nunha serie de ítems referidos a características, realizacións e actividades que requiren que o observador indique simplemente se se realizou ou non unha conduta.
- Rexistros anecdóticos e diarios de clase.
- Rúbricas. Unha rúbrica é, basicamente, unha táboa na que se especifican unha serie de criterios de avaliación adaptándoos a uns niveis de eficiencia
- Os traballos e exercicios que se realizan en clase: Son unha serie de actividades que se realizan en clase co fin de valorar o nivel de comprensión ou execución por parte dos alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe
- As tarefas ou traballos que se solicitan aos alumnos para realizar fóra de clase: Poden variar entre exercicios non rematados na aula, solución de problemas, visitas a lugares, investigación na biblioteca, entrevistas ás familias, visitas culturais, museos entre outros. Pódense realizar de xeito individual ou en grupos cooperativos.

- Observación e valoración de actitudes na aula, ante os compañeiros e as súas aportacións, profesorado...
- Orde e limpeza na presentación dos traballos realizados.
- Análise das producións dos alumnos (resumos , textos escritos, producións orais, traballos sobre saídas, traballos sobre outros temas propostos...)
- Intercambios orais cos alumnos (diálogos, postas en común, intercambio de opinións...)
- Facer probas específicas ou exames (utilízanse para verificar o grao de rendemento ou aprendizaxe lograda polos estudantes): orais, escritas, obxectivas, abertas ...
- Realización das probas de avaliación de competencias e de diagnóstico das unidades.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	%
<p>Actividades realizadas polo alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización sen axuda externa • Estimación do tempo invertido para resolver unha actividade • Grao de adquisición de aprendizaxes básicos • Orde e limpeza na presentación • Caligrafía • Destrezas • Revisión do traballo antes de dalo por finalizado • Valoración entre o traballo na clase e na casa • Creatividade 	25

<p>Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de resposta...)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Nivel e calidade das intervencións e adecuación ao tema • Mensaxe estruturado • Uso de vocabulario apropiado • Comportamento • Esfuerzo e interés 	25
<p>Probas ou exames</p> <ul style="list-style-type: none"> • Valoración da aprendizaxe dos contidos. • Valoración dos procesos seguidos e resultados • Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. • Coherencia e adecuación • Valoración entre tempo invertido/tempo necesario para resolver unha actividade • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado • Caligrafía lexible • Tempo de realización • Destrezas 	25
<p>Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballo cooperativo • Grao de comunicación cos compañeiros • Resolución de conflitos • Interés, motivación 	15

<ul style="list-style-type: none"> • Creatividade • Iniciativa • Opinión persoal do traballo como se levou a cabo 	
<p>Actividades TIC</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso adecuado e guiado do ordenador e de algunha ferramenta telemática • Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade • Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha) • Grao de elaboración da resposta • Interés, motivación 	10

11.- METODOLOXÍA XERAL E ACTIVIDADES

- A metodoloxía será activa, motivadora e comprensiva, partindo sempre do desenvolvemento e dos coñecementos previos do alumnado.
- Daremos prioridade á comprensión dos contidos que se traballan, fronte á súa aprendizaxe mecánica. Deben presentarse gradualmente as informacións dos contidos que se estudarán ao longo da unidade, apoiados con vídeos, láminas, libros, material do Centro, materiais que aportan eles das súas casas e experimentos ou comprobacións do que estamos estudando.
- Ao final de cada unidade, para reforzar a asimilación destes contidos, usaremos carteis con imaxes que sexan

motivadoras, os cales se repasarán a miúdo.

- Incidirase e repetirase moito para que se asimilen ben os contidos, mediante actividades de reforzo, que poden ser fichas fotocopiáveis ou recursos dixitais .
- Darase especial importancia e farase moito fincapé na comprensión do vocabulario novo, pois é este un elemento básico e moi decisivo para comprender os conceptos, explicar os procesos, acadar os obxectivos e desenvolver as competencias marcadas.
- Aplicación das aprendizaxes en actividades diversas, secuenciadas por niveis de dificultade e que facilitan o traballo das competencias e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos. Poñeranse a funcionar 4 recunchos (ver tratamento á diversidade) que facilitarán a ampliación dos contidos, o reforzo dos xa dados, a creatividade, a cooperación, as competencias e as intelixencias múltiples, estimulando a motivación e a propia autonomía.
- A finalidade será que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de aprender de forma autónoma.
- O traballo será sobre todo dinamizador. Tentarase que os alumnos/as non perdan a atención nin a motivación, intercalando actividades individuais con colectivas e de grupo. Para acadar os obxectivos propostos, utilizarase a **metodoloxía da aprendizaxe cooperativa**, deseñando para cada unidade ou varias unidades, estruturas cooperativas que se van especificando na programación diaria: grupos de investigación (sobre un mesmo tema, cada grupo fai un subtema), xogos de palabras encadeadas cos fonemas que interesa traballar (orais e escritas), folio rotatorio (uns comezan certa actividade e os demais engaden ata rematar) , tendo en conta as IIMM.
- Traballar sempre con atención á diversidade: R.E: ou ACI, segundo se indica no apartado de atención á diversidade. Será básica a coordinación co equipo de Orientación e cos distintos especialistas que imparten no curso.

- Comezarse a unidade, ou contido novo a traballar, falando co alumnado sobre o tema e o que eles saben del, o que lles suxire ou as experiencias que teñen sobre el, para activar os coñecementos previos que nos van servir tamén como avaliación inicial e para centrar a atención. A todo isto seguiránlle actividades para aplicar o que os alumnos/as acaban de ler ou escoitar: resumos orais e escritos, preguntas de comprensión propostas por eles mesmos, polo libro de texto, polo profesor, etc.
- Traballamos tamén sobre distintos aspectos da educación en valores.
- Ao longo dos temas, que terán que estudar día a día, faranse preguntas sobre o estudado, ou proporanse tarefas en grupo ou individuais, dependendo do tema e tipo de traballo.
- Será moi importante e potenciarase a aportación de material, que referente aos temas en estudo, o alumnado poida traer á aula.
- A maior parte das actividades realizaranse na aula, completándose na casa aquelas que non dea tempo a rematar na clase, sempre de acordo coas familias. No caso de actividades individuais, dado os distintos ritmos de aprendizaxe que se dan na aula, establécense tres recunchos (ler e escribir, xogos de mesa e creatividade), aos que poden acceder tras rematar as tarefas plantexadas, sempre coa condición indispensable de pasar polos tres recunchos e sen repetir ningún.
- Incluíranse nas unidades, na medida do posible, as actividades que se correspondan cos diferentes proxectos que se desenvolvan durante o curso, proxecto de Biblioteca, elaboración de textos para celebrar conmemoracións, etc.
- É moi importante o uso de recursos dixitais de diferente índole, utilizando tanto a pizarra dixital como o ordenador. Estes recursos inclúen actividades integradas na secuencia da aprendizaxe, actividades interactivas e unha coidada selección de ligazóns a Internet.

- Para a resolución de problemas e cálculo, é interesante o manexo de material manipulable ou gráfico que permita un entendemento lóxico do mesmo, como poden ser o uso do ábaco, regletas, sementes, medidas, calendarios, reloxos, moedas e billetes...
- Para estimular a autonomía, potenciar a motivación e o sentido das responsabilidades, nomearemos cada día un secretario-axudante. Adxudicaránselle tarefas como acender o ordenador, rodear no calendario o día, poñer no encerado a data en galego e en castelán, poñer o día no ábaco e coas unidades e decenas e repartir e recoller o material.

12.- AGRUPAMENTOS E ESPAZOS

Os distintos tipos de agrupamento estarán sempre en función das necesidades e intereses pedagóxicos do momento e da actividade. Así traballaremos con diferentes tipos de agrupamentos:

- **Gran grupo** que, incluirá a todo o alumnado da clase.(Nalgún momento ou actividade pode ser con outro alumnado doutro nivel, dependendo da actividade ou naquelas sesións que están xunto co alumnado de 1º de primaria) .

- **Pequeno grupo** para reforzar unha metodoloxía de aprendizaxe cooperativa.

- **Individual**, para detectar e tratar de solventar posibles problemas, particulares e específicos de cada alumno/a.

A situación de cada alumno/a dentro da aula, non debe ser fixo. Ao longo do curso facilitarase a oportunidade do cambio de compañeiro/a, para así permitir que se coñezan mellor e a integración de todos e cada un dos compoñentes.

Espazos:

• **Aula:**

Adaptable segundo as actividades (orais, escritas, proxectos, con encerado dixital, canón...).

A disposición permitirá desprazarse con facilidade polos diferentes espazos e os materiais estarán ao alcance dos nenos para que traballen de forma autónoma.

Distribución posible en grupos, asemblea, recunchos de xogo e traballo individual.

- **Espazos comúns:**

Patios, corredores, pavillón polideportivo, comedor, biblioteca do centro...

- **Espazos exteriores** (casa, biblioteca, visitas...):

Proxectos cooperativos, exercicios de aplicación, consolidación e estudo autónomo, etc.

13.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaranse todos aqueles materiais e recursos que se considere favorecen o proceso educativo e o desenvolvemento das capacidades do alumnado. Para a súa selección atenderase a criterios pedagóxicos.

No que respecta aos recursos humanos, cóntase coa titora que imparte Proxecto lector e dúas mestras para L Castelá, L Galega, Matemáticas, C. Nat e C Soc e cos especialistas en Lingua Estranxeira, Educación Musical, Educación Física e Relixión, P.T e A.L. Tamén pode ser posible contar coas familias e con algunha visita que poida vir á aula para realizar unha exposición sobre algún tema en concreto ó alumnado, dar algunha charla ou facer algunha pequena actuación.

En canto ós recursos materiais inmoables, principalmente as clases realizaranse na aula de informática, a excepción da sesión semanal de biblioteca (biblioteca), as sesións de Inglés nas cales irán á aula de inglés, e as sesións de Plástica e Proxecto lector (aula de 1º). Ademais de que se poderá contar puntualmente con outros espazos para levar a cabo algunhas das clases, como a pista polideportiva, o patio de recreo ou outras dependencias do centro .

En canto ós recursos materiais móbiles, a aula conta cunha pequena dotación de material: varios ordenadores, diversos libros, biblioteca de aula, xogos didácticos, Cds interactivos, corcho nunha das paredes do exterior da aula para colgar material informativo relevante e diversos traballos puntuais dos alumnos/as.

O material que usará o alumnado para o traballo ordinario na aula será:

- Materiais curriculares impresos: libros de texto (Edelvives Superpixépolis), guías didácticas (Edelvives Superpixépolis), programas de estudo eficaz, dicionarios, libros de consulta, fichas didácticas...
- Outros recursos didácticos: fotos, regretas, mapas, xogos de mesa, crebacabezas, xogos matemáticos, xogos de lectoescritura, ábacos, plantillas para aprender a atar, vasos transparentes, témperas, pinceis, calendarios, regras, mapas, carteis, etc..
- Materiais elaborados polo profesorado.(folletos, guías, instrucións, envases, xornais, ...)
- Material funxible: cadernos dos alumnos, carpetas archivadoras, lapis, lapis bicolor, rotuladores, gomas, cartolinas, papel continuo, papel pinocho, papel charol, papel de seda, adhesivos, folios, ceras, pinturas, plastilina...
- Recursos dixitais: Libro Dixital de cada materia, xogos interactivos, etc.
- Material de P.T. e A.L.
- Biblioteca do Centro e Biblioteca de aula.
- Materiais impresos aportados polo alumnado ou profesorado. .
- Elementos do contorno natural: sementes, pedras, follas,etc.

As visitas culturais a museos, exposicións, acontecementos, que sucedan no noso contorno serán aproveitados como un recurso da comunidade, aproveitando as posibilidades que ofrecen, tanto as institucións públicas como privadas, en colaboración coa escola,.

14.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO

En primeiro lugar queremos que os nosos nenos e nenas sexan os protagonistas da educación e da escola e pensamos que están por encima, incluso, de todo o que supón este documento. E por suposto, para o seu desenvolvemento e a súa aprendizaxe, queremos favorecer o seu benestar, o xogo libre e momentos de disfrute, pero sen esquecermos das aprendizaxes individuais e colectivas.

Os nenos e nenas son moi diversos, e, nesta diversidade, queremos favorecer unha educación personalizada e inclusiva, que teña en conta esas diferenzas individuais, os seus distintos ritmos de aprendizaxe, as competencias básicas e as intelixencias múltiples, os intereses de cada neno ou nena e os seus estilos de aprendizaxe. É por iso polo que o centro debe rentabilizar os seus recursos, e así conta cun mestre de pedagogía terapéutica que realiza apoios na aula ordinaria .Con todo, débese precisar que estes apoios irán encamiñados a fomentar hábitos de traballo autónomo, axeitados ao nivel de cada alumno atendido e coas axudas e guías axeitadas, para que, na medida do posible, poidan seguir o traballo prantexado a nivel xeral para toda a clase.

É importante ter en conta:

- Ás familias, mantendo relación e **entrevistas constantes**, porque a educación dun neno depende de toda a comunidade. Coñecer mellor ao neno/a e facer aportacións positivas, chegar a compromisos e acordos, seguir unha mesma metodoloxía...

- **A riqueza enorme de recursos e posibilidades de interacción co medio rural** que nos permite a contorna, que ofrece a cada neno/a a possibilidade de interactuar con el, visualizar mellor e interiorizar así as súas aprendizaxes.
- Os **distintos estilos de aprendizaxe** á hora de interactuar na aula e planificar as actividades. Cada neno/a ten desenvolvidas unhas ou outras intelixencias (capacidade lingüística, lóxico-matemática, representación espacial, pensamento musical, uso do corpo para resolver problemas e facer cousas, comprensión dos demais individuos, comprensión de si mesmo, interacción co entorno natural). Ao mesmo tempo, se o facemos deste xeito, estamos **favorecendo a integración e a inclusión de todos e cada un dos membros do grupo, potenciando as súas cualidades**.
- O número reducido de aulas coas que conta o noso centro. Isto permítenos **realizar tarefas e actividades internivel** , que aportan un inmenso campo de posibilidades: **valorar as intelixencias individuais e explotar esas cualidades, educar na empatía , como medio para unha educación inclusiva, onde ningún membro sexa rechazado**.
- **Reforzar determinadas aprendizaxes básicas de ortografía, pronuncia correcta, cálculo, algoritmos...** con recursos como:
 - ✓ Fichas de reforzo de lingua e matemáticas, elaboradas polo titor, de forma individualizada e seguindo directrices de orientación para cada caso concreto. Sería unha actividade a realizar na casa, sempre acordando o “cando” e o “como” coas familias en caso de comprometerse. De darse outras circunstancias, estas fichas elabóranse na aula e serán dirixidas a todo o alumnado, coa finalidade de impedir que se sintan diferentes.
 - ✓ Alternar actividades teóricas con traballo práctico.

- ✓ Antes de comezar unha actividade, asegurarse de que o entendeu todo o alumnado.
- ✓ Utilizar estratexias para captar a atención inicial, como cambios de entoación, xesticulación e dramatización.
- ✓ Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- ✓ Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións..
- ✓ Utilizar apoios e reforzos visuais na instrucción oral.
- ✓ Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- ✓ Conseguir a colaboración dun compañeiro/a “responsable” para que lle axude a comprender e a realizar as tarefas.
- ✓ Utilizar reforzos positivos para motivar, como eloxios públicos ou privados, colocar os seus traballos no taboleiro, levar os seus traballos á casa cunha felicitación...
- ✓ Utilizar frases curtas e claras e permanecer cerca.
- ✓ Implicala/o con preguntas sinxelas nas que poidan obter éxito.
- ✓ Listas de palabras elaboradas en carteis polo propio alumnado para mellorar a ortografía. Pódense realizar en pequenos grupos, asignándolle a cada grupo unha norma de palabras distintas, para ao final, facer unha exposición na clase de todos os carteis, os cales se repasarán a miúdo.

- ✓ Uso a miúdo de Software educativo: xogos de lingua, matemáticas, ciencias naturais, ciencias sociais e plástica, para reforzar os estándares do currículo.
- ✓ Reforzar as pronuncias incorrectas de certos fonemas (“r” e “s”) mediante cancións, retahílas e trabalinguas e outras orientacións a ter en conta, propostas pola orientadora do centro.
- ✓ Medidas para exercitar o pensamento matemático e o razoamento de problemas:
 - Xogos de mesa (**oca, parchís, damas, xadrez, cartas...**)
 - **Xogos individuais de cálculo mental e aplicación de algoritmos** en forma de crebacabezas, zapatillas que se atan seguindo instrucción de sumas e restas, uso do ábaco...
- ✓ Medidas de ampliación para nenos e nenas que rematan antes as actividades individuais.
- Na área de Ciencias Naturais utilizaremos **experimentos** ao noso alcance, na medida do posible, e **saídas ao entorno**, cando o tempo o permita, que lles faciliten adquirir unha mellor asimilación e fixación das aprendizaxes.
- Na área de Ciencias Sociais, para axudar a unha mellor asimilación dos conceptos novos, remataremos case sempre as unidades didácticas realizando **talleres de construción de maquetas**, que lles permitan visualizar mellor conceptos estudados.
- Parécenos importante traballar as emocións con todo o grupo-clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal. Máis que chamarlles a atención polo que non saben ou queren facer e o fan mal, suxerimos **substituír esas oracións negativas por outras positivas**. Ao remate das unidades didácticas darlles a posibilidade de reflexionar sobre o que aprenderon, que cousas lles gustaron máis e que cousas, menos.

- Utilizar **estratexias para controlar e mellorar a conduta**:
 - Amosando unha **actitude tolerante, flexible e paciente**.
 - Actuar como un **modelo de conduta reflexiva**.
 - Evitar as recriminacións verbais, **correxir en privado e felicitar en público**.
 - **Ignorar os comportamentos** e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.
 - Permitir **momentos de descanso**, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
 - Utilizar puntos para **conseguir incentivos** (poñer a data no encerado, marcar o día no calendario, prender o ordenador e o canón, repartir material, supervisar o traballo dos demais...).
 - Establecer **consignas non verbais co alumnado** para advertilo do incumprimento dalgunha norma.
 - **Evitar** a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización
 - Anticiparse e **prever situacións** que poidan presentar problemas
 - Realizar **entrevistas periódicas individuais** co alumnado sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para **detectar algún tipo de acoso escolar**.
 - Facer un **seguimento do seu traballo**.
 - Favorecer a súa **integración** cando a conduta é a adecuada e **que os ignoren cando se portan mal**.
 - Chegar a **acordos con contratos de conduta** adaptados á súa idade.

- **Retirar** da mesa calquera **obxecto** que poida servir de **distracción**.

15.- INCORPORACIÓN DAS TIC

É importante facer un bo uso das TIC, como recolle o ordenamento legal, utilizando as novas tecnoloxías partindo do alumnado e do currículo, baseados no Sftware libre, na ética e na educación en valores, como a solidariedade, o compartir, a honestidade, os dereitos e a liberdade no uso do coñecemento:

- Utilizaremos a pizarra dixital da aula para escribir e facer cálculos. Con frecuencia, utilizaranse recursos como a páxina web da Xunta“ CONTIDOS EDUCATIVOS”. E a miúdo se apoiarán os contidos das diferentes materias, coa visualización de vídeos didácticos, realización de LIM, SYMBALOO, etc.
- Utilizarase a pizarra dixital da BIBLIOTECA do centro para visualizar vídeos propostos desde a biblioteca, conxuntamente con alumnado do centro.
- CD de audios da editorial e outros.
- Iniciación ao libro dixital da editorial EDELVIVES .
- Iniciación ao tratamento de textos en WORD, como apoio para presentar traballos, cancións, etc.
- Búsqueda de información guiada desde o ordenador da aula, para proxectos e investigación.
- Uso da calculadora.

16.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

O centro programa sesións de 30 min todas as tardes de luns a xoves e a última sesión dos venres, para que todos os alumnos/as do centro adiquen á lectura. Neste curso distribuíremolas así:

LUNS	Lectura colectiva dun mesmo libro para todos, en galego e castelán, e o seu posterior comentario con actividades de comprensión oral de tipo obxectivo e de tipo inferencial.
MARTES	Lectura individualizada e silenciosa dos libros da biblioteca de aula. Ficha do libro que inclúa autor, título, editorial, protagonista, outros personaxes, argumento e un debuxo do que máis lles gustou. Exposición oral ante o grupo clase da impresión que lle causou o libro.
MÉRCORES	Lectura en diferentes soportes de textos diversos: poemas, trabalinguas, adiviñas, cantigas... Comentario e actividades de comprensión, memorización e recitado.
XOVES	Lectura silenciosa ou colectiva, na biblioteca do centro, en soporte dixital ou libros da biblioteca(neste caso de forma libre).
VENRES	Textos, vídeos, carteis... relacionados cos distintos proxectos e act. extraescolares, conmemoracións,...

17.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

A **lectura** ocupa un lugar destacado neste curso e é prioritario para nós como ensinantes levar a cabo actividades de animación á lectura.

- Diariamente facer lectura en voz alta, tanto o mestre/a como os nenos e nenas, de textos que nos parezan interesantes e logo comentalos.
- Todos os días adicarlle un tempo á lectura silenciosa na aula, podendo aproveitar enunciados de actividades individuais en calquera materia que nos pareza conveniente.
- Renovación periódica de libros e outro material impreso (carteis, murais, mapas), que inciten á súa lectura.

- Usar polo menos un día á semana a técnica do texto libre (é motivante que o mestre/a comece algún conto e o deixe para que a eles/as lles apeteza continualo).
- Realización de libros (contos libres ou dirixidos, individuais ou de grupo, de poemas, de adiviñas, de trabalinguas) que poden ser de creación propia ou de recollida de información dos nosos pobos.
- Realización de murais e carteis que recollan normas ortográficas e palabras que nos interesan resaltar pola súa ortografía.
- Realización dun dicionario coas palabras novas que van xurdindo, que deben definir con outras palabras ou debuxos alusivos e suxerentes, para logo colocalas por orde alfabética.
- Xogos de palabras, orais e escritos: palabras encadeadas, teléfono estropeado, crear o máximo número de palabras con certas letras dadas nun tempo dado, arriba o lapis (poñer palabras que comecen por unha letra dada), adiviñar palabras con definicións nas que non se poden usar certas outras...
- Participación das familias, puntualmente, en actividades de lectura en voz alta, na aula ou no centro.
- Participación de compañeiros/as doutros niveis, en actividades de lectura en voz alta, dentro da aula.
- Participación dos alumnos/as deste grupo, en actividades de lectura en aulas de infantil e 1º.
- Participación en lecturas de soporte dixital (Internet, lectura en pantalla)
- escoitar textos orais complementados e acompañados de imaxes.

Papel que desempeña a biblioteca do centro

Farán uso da mesma mediante os préstamos aos que teñen acceso durante os recreos, usando os seus carnés de biblioteca. Estas lecturas son recomendadas para facer na casa.

Mochilas viaxeiras

Ofrecen a oportunidade de ler a toda a familia, resaltando así o papel que ésta ten na motivación ante a lectura. Faise por semanas e seguindo un riguroso orde de lista, comezando polo elexido ao chou.

Ademais, participaremos nas actividades que se propoñan desde o Equipo de Biblioteca, EDLG, EACE,... para a mellora da competencia lectora.

18.- ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

A convivencia é un obxectivo formativo e fundamental no proceso educativo.

1º) Para conquerilo con efectividade, na programación de aula incluímos actividades colectivas relativas a:

- **Xestión do grupo:**
 - ❖ Solución de conflitos, normas...de casos reais que se presentan dentro e fóra da aula.
